


# Paisaxeando coas TICs polos espazos multilingües: observar para transformar




Gabriela Prego Vázquez
Luz Zas Varela
Universidade de Santiago de Compostela

# PAISAXEANDO

- O proxecto **GrafiTIC a nosa paisaxe lingüística** liga a investigación básica coas aplicacións a través das novas tecnoloxías para a elaboración de recursos TIC-TAC-TEP.
- Os resultados permiten:
  - ❑Afondar nas novas ecoloxías multilingües.
  - ❑Ofertar recursos para a **Educación lingüística crítica** poñendo o foco na axencia das participantes mediante a **investigación-participativa**.
  - ❑Analizar o PL que a mocidade **observa** para xerar **transformación**.

# PAISAXEANDO

- Os traballos iniciais do PL en Galicia: atención á vitalidade da lingua galega e constituíron interesantes ferramentas para comprobar o éxito do proceso de Normalización lingüística: Lago Caamaño, Hervella e Gómez Martínez (2020), Dunlevy (2013), Järlehed (2020), López Docampo (2011), Regueira Fernández, López Docampo e Wellings (2013); Rodríguez Barcia e Fernando Ramallo (2015), Sobocinska (2019), Wellings (2018), entre outros.
- Outra liña de investigación: análise do multilingüismo conectado coa migración e a globalización. Especial atención á distribución policéntrica e á xerarquización das novas ecoloxías multilingües emerxentes: Prego (2020), Prego e Zas (2018), Zas e Prego (2016), Zas e Prego (2018), dentro do marco da investigación participativa TIC-TAC-TEC a través da plataforma: MAVEL http://mavel.avel.cesga.es/, que continúa a desenvolverse no proxecto EquilingGalicia.
- Globalización e turistificación: Castro, Gómez e Montaña (2021), Montaña Prieto (2020).

# TICs perspectiva crítica na educación

- Perspectiva de Feenberg (2002): teoría crítica que non ve a tecnoloxía simplemente como un conxunto de ferramentas neutrais, senón como algo que está profundamente integrado no tecido social e político.
- Argumenta que a tecnoloxía non só é un artefacto que usamos, senón que tamén **configura as nosas prácticas, relacións e estruturas sociais**.

(2002): *Transforming Technology: A Critical Theory Revisited*, New York, Oxford University Press.

# TICs perspectiva crítica na educación

## Tecnoloxía(s) na educación:

- Nalgúns sistemas educativos, a tecnoloxía intégrase de maneira interdisciplinaria, especialmente nas disciplinas de ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas (CTIM). Este enfoque busca non só ensinar tecnoloxía como unha habilidade illada, senón tamén incorporala en contextos prácticos e proxectos que fomenten o pensamento crítico e a resolución de problemas.
- Na nosa perspectiva está incorporada nas disciplinas lingüísticas.

*Informe de seguimiento de la educación en el mundo. Tecnología en la educación: ¿Una herramienta en los términos de quién?* UNESCO. 2024

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# Espazos multilingües

- A mirada do proxecto permite comparar os repertorios lingüísticos dos axentes sociais cos da paisaxe lingüística da comunidade (Cenoz e Görter (2008), Zas e Prego (2018) para **analizar as desigualdades sociolingüísticas**, prestando especial atención á posición do galego nas novas ecoloxías glocais que se xestan nas últimas décadas en Galicia conectadas coa migración e a globalización.
- Durante 5 meses do proxecto aparecen axentes vinculados aos diferentes espazos nos que se desenvolve o proxecto: técnica de Normalización Lingüística do concello e o alcalde do concello.
- Ao longo deste proceso etnográfico, xéranse diferentes tipos de datos: prácticas interaccionais orais dentro e fóra da aula, datos de PL, datos de prácticas de escritura formal e informal, documentos institucionais do Concello, discursos de representantes institucionais como o alcalde ou a técnica de Normalización Lingüística do concello.
- Os diferentes pasos do proxecto, avances e conclusións vanse tamén recollendo nun caderno dixital (en liña: https://metalinguas.blogspot.com/).

# MetodoloxíaTICs perspectiva crítica

- O enfoque da **Conciencia Lingüística Crítica** (CLA) (García, 2016) vertebra o desenvolvemento deste proxecto no que o estudantado e a súa profesora de Lingua Galega convértense en co-investigadoras e, xunto coas investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela (USC) observan, recollen, analizan e contrastan os repertorios lingüísticos das súas familias e a paisaxe lingüística da súa comunidade.

- As actividades de CLA buscan promover a valoración da diversidade lingüística e cultural entre as falantes. O enfoque CLA na aula brinda aos estudantes a oportunidade de participar en debates significativos e críticos, explorando e analizando exemplos procedentes dunha ampla gama de repertorios lingüísticos.

- Este tipo de actividades tamén sentará as bases para que as falantes participen na construción conxunta dunha **cidadanía lingüística con disposición a exercer unha axencia política transformadora**.

Financiado por: FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de Investigación FI2016-76425-P/ **Superdiversidad lingüística en áreas periurbanas. Análisis escalar de procesos sociolingüísticos y desarrollo de la conciencia metalingüística en aulas multilingües**

IP: Dra. Gabriela Prego Vázquez

# GrafiTIC a nosa paisaxe linguística
# Graffiteamos o polígono

Proxecto no marco do proxecto I+D+I FI2016-76425-P entre a Universidade (USC) e o Ensino Secundario e Bacharelato (IES MM)

- Proxecto de investigación-participativa mediada polas tecnoloxías.
- O estudantado transfórmanse en investigador.



# *O obxectivos de GrafiTIC a nosa paisaxe lingüística*

- Amosar ao estudantado de secundaria e bacharelato novos recursos TIC para estudar as linguas e prácticas comunicativas da contorna a través da **Paisaxe Lingüística**: cartelaría e mensaxes escritas no espazo público.
- Analizar e etiquetar as mostras da paisaxe lingüística da contorna do IES MM e da zona centro de Arteixo e contrastalas coa paisaxe lingüística da memoria (a toponimia tradicional destas áreas).
- Xeolocalizar os resultados da análise en MAVEL, un recurso TIC-TAC-TEP desenvolvido pola equipa da USC (**baseado en urbanvoices, recurso do Observatorio do Discurso).**
- Sensibilizar ao estudantado cara a diversidade lingüística para propiciar na cidadanía **prácticas transformativas**.

# PROXECTO COLABORATIVO
## PARTICIPANTES

PROFESORADO IES MM e da USC

- Begoña Campos (Directora do Centro)
- Miguel Gómez (coordinador TIC)
- Teresa Seara (IES Manuel Murguía),
- Gabriela Prego (USC)
- Luz Zas (USC)

ESTUDANTES DO IES MANUEL MURGUÍA (100 estudantes)

- 1º BACHARELATO: MATERIA TIC
- 2º BACHARELATO: MATERIA TIC
- 2º ESO: ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO
- 1º ESO: LINGUA CASTELÁ

# TIC

# MAVEL UNHA FERRAMENTA PARA XEOLOCALIZAR E ETIQUETAR A PL

# MAVEL-PARTICIPACIÓN CIDADÁ



# Mensaxe inicial para participar



Pulsa aquí para escoger monolingüe

Pulsa aquí para escoger multilingüe

Iniciar sesión

# Escribe tu mensaje

98 caracteres restantes.

Escribe tu mensaje (máximo 140 caracteres)

# Elige uno o varios idiomas

**Español Gallego Inglés Otras lenguas Árabe**


4/6
Elige el soporte
Camisetas
Cartel
Graffiti/pintada
Otros soportes
Rótulos y escaparate
Tablón de anuncios
Inicio
Mis mensajes
Mi perfil
Cerrar sesión

# Xeolocalización da paisaxe lingüística



# Añade una imagen y/o un audio y/o un enlace

Elige una imagen +

Elige un audio (mp3) +

http://

Añade un enlace


San Saturnin
AG-64
N-655
Doniños
Ferrol
Fene
Mugardos
Parque Natural
de las Fragas
del Eume
For development purposes only
AP-9
Sada
Miño
Betanzos
Buño
AG-55
Carballo
A-6
N-VI
Rus
Entrecruces
E-1
Curtis
N-634
Ordes


Imágenes
#palabra
YO si Te creo
Lavandería
PELUQUERIA SUSA
AMSTEL
ar 6
es 536
gl 572
en 212
ol 99

# TAC

TAC: Tecnoloxías de adquisición de coñecemento

*O estudantado como axente investigador*

# Investigando nas rúas





O traballo de campo feito polo alumnado amosou outra realidade
Non se cumpren as súas expectativas

- Distribución do monolingüismo e do multilingüismo
- Presenza de máis linguas que español e galego no espazo público
- A presenza *preponderante* do inglés



Graffiteamos nos mapas da PL a toponimia tradicional

O traballo permitiu contrastar a PL actual coa PL da memoria

# PL en Candame, Cachada, Hospital (PL na memoria)



# PL en Caldas (topónimo tradicional)



# PL na Baiuca, Ponte do Ba e Carballas



# Cal era o topónimo do lugar onde está o noso centro educativo? *Os Terreos*



# Co-construímos co estudantado materiais de traballo




## Materiais dispoñibles para toda a comunidade educativa

# Descubrimos e descubriron que linguas (e variedades) están invisibilizadas na PL para estes estudantes

Abrénse novos interrogantes na comunidade científica

- Que linguas non se recollen?
- Que PL desapareceu? Toponimia
- Mapas google : Arteijo/Arteixo



# TEP
# PERSPECTIVA CRÍTICA

# TEP: TRANSFORMACIÓN DE MAVEL NUN RECURSO PARA O EMPODERAMENTO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ

# Cidadáns participativos… comprometidos e activos para TRANSFORMAR a nosa realidade



Sr. D. Carlos Calvelo
Concello de Arteixo

Arteixo, 3 de abril do 2018

Estimado Sr. Alcalde:

Somos os alumnos do grupo do ámbito de 2º ESO B do IES Manuel Murguía e dirixímonos a vostede xa que nos demos conta dun erro que comete a empresa Google ao cambiar, indebidamente, Arteixo por "Artejo". Como os cidadáns de Arteixo temos dereito a que se recoñeza o topónimo verdadeiro da nosa localidade e ademais cremos que ese erro podería causar confusión e problemas na localización da cidade, decidimos pedirlle a Google que o cambie.

Por iso pedímoslle a súa colaboración redactando un escrito onde o Concello de Arteixo exprese o seu apoio á nosa causa para que Google vexa que isto é importante non só para nós senón para todos os arteixáns. Esperamos conseguir así que Google reflexione sobre a nosa proposta.

Moitas grazas por ler a nosa carta.

Un cordial saúdo

Asdo. Os alumnos de 2º ESO B (ámbitos)



# Contra el 'Arteijo' de Google

## Alumnos del instituto Manuel Murguía reclamarán al buscador que modifique la denominación del municipio que emplea en su servicio de mapas, ya que aparece la versión castellanizada

Iván Aguiar | Arteixo | 19.04.2018 | 15:55

Alumnos del **instituto Manuel Murguía de Arteixo** enviarán una carta a **Google** para reclamar que su servicio de mapas respete el topónimo oficial del municipio. Actualmente emplea la versión castellanizada, ***Arteijo***. Los estudiantes acudieron ayer al Concello para solicitar al alcalde, **Carlos Calvelo**, que se sume a esta iniciativa. El regidor les explicó que apoyará esta petición que efectuarán al buscador.




Alumnos del instituto Manuel Murguía que participan en

La Voz de Galicia




La batalla por conseguir cambiar los nombres de los mapas de Google tiene su recorrido. No es nueva. Pero cada vez suma más adeptos. Los últimos en tratar de captar la atención de Google son los alumnos del IES Manuel Murguía de Arteixo. Capitaneados por su profesora de Lingua Galega e Literatura Teresa Seara y por Gabriela Prego y Luz Zaz (dos docentes e investigadoras de la USC) han comenzado su peculiar pelea desde un pupitre para conseguir que el gigante de Internet normalicen el topónimo de Arteixo (en lugar de *Arteijo*). «**Este grupo de rapaces está aprendendo con esta iniciativa que a pesares de ser un**








CASA DO CONCELLO

# TICs perspectiva crítica

## ❑ REFLEXIÓNS

- A tecnoloxía pode ser unha ferramenta poderosa para mellorar a equidade educativa, permitindo tomar conciencia crítica sobre as desigualdades e propiciar prácticas transformativas.

- Non só ensinar tecnoloxía como unha habilidade illada, senón tamén incorporala en contextos prácticos e proxectos que fomenten o pensamento crítico e a equidade.

- Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade e na contorna.

# MOITAS GRAZAS

gabriela.prego@usc.es

luz.zas@usc.gal